



Concello de Xermade

ANUNCIO

Convocatoria pública de premios de Entroido de Xermade 2020.

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 22/01/2020 aprobaronse as bases da convocatoria de subvencións que de seguido se transcriben:

"BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DO ENTROIDO DE XERMADE 2020

PRIMEIRA:

O concurso de disfraces **Entroido Xermade 2020** celebrarase o luns día 24 de febreiro, ás 21:30 horas no Pavillón Polideportivo de Xermade.

SEGUNDA:

O prazo de inscrición de participantes será desde o momento de publicación destas bases ata o 19 de febreiro. A inscrición poderá facerse de xeito presencial no Concello ou no correo electrónico educadora.familiar@xermade.org, aportando o Anexo I das presentes bases cuberto e un certificado de conta. Todos os grupos e/ou disfraces inscritos deben levar no momento do desfile o número asignado polo concello.

TERCEIRA:

Todos os grupos e disfraces deberán estar no Pavillón Polideportivo de Xermade a partir das 21:30 horas da noite para proceder máis tarde ao desfile, onde terá lugar o concurso de disfraces diante do xurado. É obrigatorio a asistencia ó desfile para poder participar no concurso.

CUARTA:

Establécense as seguintes categorías no concurso:

PARTICIPANTES NON EMPADROADOS EN XERMADE

1) **GRUPO/PARELLAS/INDIVIDUAIS:** Máis da metade do grupo non pode estar empadroado en Xermade. Se é individual ou parella, ningunha persoa/s pode estar empadroada.

PARTICIPANTES EMPADROADOS EN XERMADE

1. GRUPO: agrupación formada por un mínimo de tres (3) persoas, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.

2.INDIVIDUAIS/PARELLAS ADULTOS: participantes a partir de 16 anos que concursen individualmente ou en parella, debendo, neste caso, gardar unidade temática entre os/as compoñentes.

3.INFANTÍS: participantes menores de 16 anos que concursen individualmente, en parella ou en grupo, debendo, neste caso, gardar unidade temática entre os/as compoñentes.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: AT52SYDVM39NMEAZKVINQR7KN | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



Concello de Xermade

QUINTA:

A orde no desfile estará marcada pola organización.

SEXTA:

Os/as participantes que necesiten música deberán entregarlle á organización, como moi tarde, antes do inicio do desfile.

SÉTIMA:

A duración da actuación escollida para o concurso terá unha duración máxima de 10 minutos, exceder este tempo poderá significar a exclusión do concurso.

OITAVA:

Os grupos poderán acceder ao pavillón con vehículos e plataformas ata uns tamaños máximos. A organización avisará da suspensión ou mantemento do desfile.

NOVENA:

O xurado estará formado por cinco persoas voluntarias do público e un secretario/a vinculado/a ó concello (empregado/a público/a ou concelleiro/a), con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases. Elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiados no concurso, asinada por todos os membros. Os premios serán aboados mediante transferencia bancaria, polo que será necesaria a presentación do certificado con número de conta ao realizar a inscición.

DÉCIMA:

O xurado deberá escoller os seguintes premios:

*Para participantes **non empadroados en Xermade***

1º premio

2º premio

*Para **participantes empadroados en Xermade:***

- Grupos:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

1) Individual/parella adultos:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: AT52SYDVM39NMEAZKVINQR7KN | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



Concello de Xermade

1. Categoría Infantil:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

UNDÉCIMA:

Para a selección de premios o xurado terá en conta o desfile, a representación ou actuación realizada durante o concurso, a orixinalidade e a confección dos disfraces.

DUODÉCIMA:

As contías dos premios do concurso serán:

Non empadroados en Xermade	1º Premio: 200€ 2º Premio: 150€
Participantes empadroados en Xermade	<u>Grupos:</u> 1º Premio: 200€ 2º Premio: 150€ 3º Premio: 100€ <u>Individual/parella:</u> 1º Premio: 100€ 2º Premio: 75€ 3º Premio: 50€ <u>Infantil:</u> 1º Premio: 50€ 2º Premio: 30€ 3º Premio: 20€

Nota: O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios se considera que

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: AT52SYDVM39NMEAZKVINQR7KN | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6



Concello de Xermade

os/as participantes non reúnen a calidade precisa.

DUODÉCIMA:

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

As presentes bases e os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Anexo I





Concello de Xermade



Concurso disfraces Entroido 2020 Inscisión

Datos participante/s

Persoa física ou entidade (responsable do cobro en caso de obter premio)	
DNI/NIF	
Enderezo	
Nome do disfraz	
Número participantes	Teléfono
Sinatura	
Número de conta bancaria (a nome da persoa física ou entidade)*	

* Entregar certificado de conta

Categoría (marcar cun aspa)

Participantes NON empadroados	<input type="checkbox"/>	Participantes empadroados	<input type="checkbox"/>
		Grupo	<input type="checkbox"/>
		Individual/parella	<input type="checkbox"/>
		Infantil	<input type="checkbox"/>

Número asignado (a cubrir polo Concello)

<input type="text"/>

Xermade, a 23 de xaneiro de 2020.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: AT52SYDWM39N1MEAZKVINQR7KN | Corrección: <https://concello.xermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



Concello de Xermade

O alcalde

Roberto García Pernas
(documento asinado dixitalmente)

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: AT52SYDWM39NNMEAZKVNQR7KN | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6